REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 30/01/2019 14:25:44
Nº Rexistro: 13659
Data envio: 30/01/2019 14:25:44.661

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de febreiro de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

1 23715 (10/POC-003959)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o apoio económico prestado pola Xunta de Galicia ás entidades relacionadas cos campionatos de caza do raposo no período 2013-2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

2 33519 (10/POC-005245)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa estrada PO-552 entre Vigo e Baiona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018

3 42302 (10/POC-006592)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre os problemas derivados da recollida das augas pluviais nos diferentes tramos do corredor do Morrazo e as medidas adoptadas para evitalos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

4 42654 (10/POC-006673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o proxecto e a obra de reforma da ponte Boado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

5 42968 (10/POC-006756)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as razóns do apoio do Goberno galego aos campionatos de caza do raposo, a xustificación ecolóxica desta actividade e as previsións respecto

CSV: REXISTRO-pKE1YKv4w-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 30/01/2019 14:25:44
Nº Rexistro: 13659
Data envio: 30/01/2019 14:25:44.661

PARLAMENTO DE GALICIA

da súa abolición
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

6 43236 (10/POC-006834)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia do modelo de desenvolvemento eólico de Galicia reflectido en proxectos como o do parque eólico de Mouriños, nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas, na dinamización económica das zonas onde se implantan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019

7 43361 (10/POC-006865)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos dos accidentes de tráfico e vítimas mortais nas estradas correspondentes ao ano 2018, as medidas previstas ao respecto e as súas intencións referidas á demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019

8 43901 (10/POC-007025)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre o incendio na torre de refrixeración da fábrica de Ence
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 30/01/2019 14:03:49

CSV: REXISTRO-pKE1YKv4w-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 30/01/2019 14:25:44
Nº Rexistro: 13659
Data envio: 30/01/2019 14:25:44.661

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2019 14:25:44

CSV: REXISTRO-pKE1YKv4w-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz	P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias	P

Secretario

Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 23715(10/POC-003959)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o apoio económico prestado pola Xunta de Galicia ás entidades relacionadas cos campionatos de caza do raposo no período 2013-2017

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23715
Data envio: 19/01/2018 12:50:38.758

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Xunta de Galiza apoia os chamados Campionatos de caza do raposo e a denominada Supercopa Galega, unha competición na que se premia a habilidade de matar o maior número de raposos no menor tempo posíbel. O feito de tratar de equiparar actividades e prácticas deportivas con saír masivamente ao monte a matar raposos supón un exercicio de crueldade e cinismo absoluto, para tratar de xustificar a matanza sistemática destes pequenos mamíferos por mero divertimento.

A pervivencia dos chamados campionatos de caza de raposo e da denominada "Supercopa galega" amosan unha auténtica falta de respecto ao medio natural, ao medio rural e á súa veciñanza. Segundo datos de colectivos ecoloxistas, nestes "campionatos" que se desenvolven de maneira intensiva ao longo de varias semanas, participan centos de cazadores e poden chegar a abaterse máis de 200 exemplares de raposos. Estas actividades competitivas e agresivas, coa presenza masiva de cazadores no monte, provoca a morte tamén de animais salvaxes protexidos, como aconteceu recentemente no concello de Barro coa morte dun lobo por disparos mentres se celebraba unha proba do campionato galego de caza do raposo, e como ten acontecido en edicións anteriores desta competición.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23715
Data envio: 19/01/2018 12:50:38.758

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza colabora economicamente coa organización destas actividades agresivas, que non están xustificadas nin por razóns de control poboacional nin por potenciais danos producidos polo raposo. Segundo colectivos ecoloxistas como ADEGA, ASCEL e o Grupo de Estudio dos Animais Salvaxes (GEAS), estas competicións "non só carecen de total reprobación ética e moral senón que non teñen xustificación científica, e fanse á marxe da planificación cinexética dos tecores". Afirman tamén estas entidades que "Matar raposos non axuda a recuperar as poboacións de perdices nin de coellos**,** afectadas por múltiples factores, sinalando entre outras, tamén, ás malas prácticas cinexéticas, por sobrecaza ou por repoboacións cinexéticas con animais de granxa, así coma, os cambios no hábitat, como os monocultivos forestais"

Por outra parte, altos cargos da Xunta de Galiza e da consellaría de medio ambiente promoven, difunden, apoian e colaboran con estas batidas indiscriminadas disfrazadas como actividades sociais, deportivas e de promoción do turismo.

Polo anteriormente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Cantos cartos outorgou a Xunta de Galiza ás entidades vencelladas con estes campionatos de caza de raposo no período 2013-2017?

2 É consciente o Goberno galego do rexeitamento que provocan estas prácticas que nada teñen que ver con potenciais autorizacións por danos ou por un suposto control poboacional?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23715
Data envio: 19/01/2018 12:50:38.758

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Considera o Goberno galego que é propio destes tempos promover actividades de morte inxustificada da fauna silvestre, por simple divertimento?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2018 12:47:27

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2018 12:47:32

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2018 12:47:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2018 12:47:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23715
Data envio: 19/01/2018 12:50:38.758

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2018 12:47:36

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2018 12:47:38

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33519(10/POC-005245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa estrada PO-552 entre Vigo e Baiona

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2018 11:26
Nº Rexistro: 33519
Data envio: 17/07/2018 11:26:40.539

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Novoa Iglesias, Jacobo Moreira Ferro, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A estrada de Camposancos, PO-552, que une os concellos de Vigo, Nigrán e Baiona é unha das estradas máis importantes da comarca de Vigo, atravesando varios núcleos de poboación e concentrando nas súas marxes unha intensa actividade comercial e de servizos. Os datos de tráfico son un reflexo desta realidade, e mesmo chega a superar unha intensidade de tráfico superior aos 20.000 vehículos ao día nalgún dos seus treitos. Consecuencia desta actividade e desta intensidade de tráfico, cómpre prestar unha especial atención a esta estrada, e traballar para reducir a súa sinistralidade ao mínimo posible.

Os Orzamentos da Xunta de 2018 reflicten que a seguridade viaria é unha materia prioritaria para o Goberno galego, polo que se teñen incrementado nun 34 % as partidas específicas destinadas a este fin. En relación coa seguridade viaria, tamén o Plan de Reforzos de Firme ten aumentado de modo moi importante a súa dotación, pasando de 15 a 20 millóns de euros, complementando de modo importante a partida de máis de 23 millóns de euros correspondente á conservación ordinaria da rede autonómica de estradas e ao Plan de viabilidade invernal. E neste 2018 continúase traballando no Plan de Sendas de Galicia, que prevé a execución de sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe ao longo da rede autonómica de estradas.

Neste sentido, é coñecida a aposta da Xunta de Galicia de mellorar a estrada de Camposancos, coa execución de tres treitos de senda peonil entre Coruxo e Roteas e en Saiáns, en Vigo, e en Priegue (Nigrán).

Pero hai uns meses tamén se anunciou por parte da Consellería de Infraestruturas que se ía impulsar unha importante medida en materia de seguridade viaria, como é o desenvolvemento dunha estratexia para a eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica, que para a comarca de Vigo recolle distintas actuacións nos concellos de Vigo, Nigrán, Gondomar, Cangas e Moaña por importe de 5,4 millóns de euros de investimento e que debe de executarse entre os anos 2018 e 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2018 11:26
Nº Rexistro: 33519
Data envio: 17/07/2018 11:26:40.539

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pola importancia e a necesidade que existía dende hai tempo no sur da provincia de Pontevedra, en canto a diferentes actuacións na rede viaria, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia na estrada PO-552 entre Vigo e Baiona, de acordo coa Estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2018 11:15:14

Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:15:27

Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:15:33

Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:15:42

Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:15:49

María Julia Rodriguez Barreira na data 17/07/2018 11:15:57

Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:16:05

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:16:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 42302(10/POC-006592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre os problemas derivados da recollida das augas pluviais nos diferentes tramos do corredor do Morrazo e as medidas adoptadas para evitalos

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 13:46:33
Nº Rexistro: 42302
Data envio: 28/12/2018 13:46:33.706

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, **Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En maio de 2018, o Goberno da Xunta de Galicia procedía á inauguración dos dous primeiros tramos da autovía do Morrazo, coa ausencia dos grupos municipais do BNG, PSdeG-PSOE e XM-Coalición Independiente. Naquel momento estes tres grupos manifestaron que non ían ser cómplices da Axencia Galega de Infraestruturas e que, mentres non se arranxasen os problemas que estaban afectando aos veciños e veciñas de Moaña no referente á recollida de augas pluviais e aos danos dos viarios municipais, non asistirían a estes actos de " do Goberno galego.

A realidade é que estes problemas, que xa foran detectados e denunciados polo equipo de goberno de Moaña nos dous primeiros tramos da obra (arrastre de lodos, desbordamentos, obstrución de canles), estanse a reiterar nos novos tramos do corredor que se executan nestes momentos. Así, aos barrios xa afectados nas parroquias de Domaio e de Meira, agora súmanse graves problemas nos de Berducedo, Paradela, Marrúa ou Xalde. Ocorre que o aumento de caudal de augas pluviais procedentes do corredor é unha ameaza constante para a veciñanza que reside nos barrios próximos a esta infraestrutura e xa son moitos os viarios, camiños e propiedades que se están vendo afectados por este perigoso e incontrolado aumento do caudal.

Este Grupo Parlamentario Socialista volta a amosar a súa preocupación e desconformidade coa forma en que a Xunta de Galicia está a xestionar todo este asunto.

CSV: REXISTRO-fvwhw5Ee1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 13:46:33
Nº Rexistro: 42302
Data envio: 28/12/2018 13:46:33.706

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedor o Goberno galego das reiteradas reclamacións que desde o Concello de Moaña se teñen realizado polos problemas de arrastre de lodos, desbordamentos, obstrución de canles nos tramos en obras do corredor do Morrazo? Ten constatado a existencia destes problemas?

2. En caso de que así sexa, cales son as medidas que a Axencia Galega de Infraestruturas ten posto en marcha para a mellora e control do aumento do caudal de augas nas propiedades, camiños e viarios das parroquias próximas os tramos de corredor xa executados e nos que están actualmente en obras?

3. Estanse a seguir todos os protocolos de obra precisos para evitar os desbordamentos e inundacións de propiedades, camiños ou viarios?.

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 28/12/2018 13:13:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2018 13:13:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/12/2018 13:13:52

CSV: REXISTRO-fvwhw5Ee1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 42654(10/POC-006673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o proxecto e a obra de reforma da ponte Boado

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 11:46:21
Nº Rexistro: 42654
Data envio: 08/01/2019 11:46:21.310

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

No límite entre os concellos de Mesía e Boimorto, á altura da confluencia das parroquias de Buazo e Arceo, no lado de Boimorto e da parroquia de Boado, do lado de Mesía, encóntrase a Ponte Boado tendida sobre o río Tambre. Trátase dunha ponte executada mediante estribos de formigón, vigas prefabricadas e taboleiros de 4m. de ancho e que conta cunha luz aproximada de 16m.

Prestaba un servizo adecuado á realidade destas parroquias, eminentemente gandeiras de leite nas que a superficie adicada ó ensilado de millo forraxeiro é considerable, ata hai 20 ou 25 anos en que quedou estreita de máis tanto para vehículos correntes coma, especialmente, para maquinaria agrícola de todo tipo, chegando a encaixarse na mesma algunha que outra máquina de ensilado sendo necesario forza-los ferros que fan de varanda da mesma.

En xuño de 2017, en sesión plenaria a Corporación do concello de Boimorto acordou acepta-la execución da obra de reconstrución da citada infraestrutura, incluída no PIR e cun orzamento de 312.230,72 euros. No citado proxecto de execución figuraba a modificación do cauce do río aspecto este que motiva que Augas de Galicia informe desfavorablemente o proxecto polo que este será reformado pasando a ser un Proxecto de Ampliación da mentada ponte cun orzamento de 143.816,53 euros.

CSV: REXISTRO-r3aSEv5Pi-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 11:46:21
Nº Rexistro: 42654
Data envio: 08/01/2019 11:46:21.310

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Apróbase en Pleno Ordinario no mes de setembro de 2017 este novo proxecto que recibe varias alegacións da Asociación de Veciños de Arceo e da Asociación de Pesca Deportiva Robalo que son desestimadas excepto as números 4 e 5 nas que se estima insuficiente o van libre proxectado e o resgardo fronte avenidas.

Así o informe emitido en 11 de abril de 2018 polo enxeñeiro técnico da Demarcación Hidrográfica Galicia Centro é desfavorable ó citado proxecto.

A ponte está aí, cun insuficiente servizo agardando ela e os veciños que alguén poña algo de cordura en todo este tema porque as razóns aducidas para desestimar o primeiro proxecto son agora causa da desestimación do segundo polo mesmo organismo Augas de Galicia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que características e que condicións debe cumpriren o proxecto e a obra da Reforma da Ponte Boado para poder ser informada e executada sen atrancos?

-Van queda-las parroquias das marxes dereita e esquerda do río Tambre dos municipios de Mesía e Boimorto sen o necesario servizo da Ponte Boado?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores

CSV: REXISTRO-n3aSEv5Pi4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 11:46:21
Nº Rexistro: 42654
Data envio: 08/01/2019 11:46:21.310

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2019 11:44:11

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2019 11:44:15

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2019 11:44:17

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2019 11:44:18

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2019 11:44:28

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2019 11:44:30

CSV: REXISTRO-n3aSEv5Pi4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 42968(10/POC-006756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as razóns do apoio do Goberno galego aos campionatos de caza do raposo, a xustificación ecolóxica desta actividade e as previsións respecto da súa abolición

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 11:03:52
Nº Rexistro: 42968
Data envio: 10/01/2019 11:03:52.494

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e **José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Entre este sábado, 12 de xaneiro, e o día 2 de febreiro vanse celebrar en Galicia os campionatos de caza do raposo, nos que participarán centos de persoas.

Certo é que o raposo non é unha especie cinexética protexida e que o artigo 72 da lei 13/2013, de Caza de Galicia, establece a batida deste animal como unha modalidade autorizada para a caza maior, mais tamén é certo que o artigo 1 daquela mesma norma recolle como o seu obxecto regular o exercicio da caza na nosa Comunidade Autónoma coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados. E non semella que cazar raposos teña esta finalidade de fomento dos recursos cinexéticos e o medio natural, senón outra quizais meramente lúdico-festiva.

Así, a propia Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) pon en solfa a existencia de datos oficiais da Xunta de Galicia que avalíen as densidades e a tendencia das poboacións destes animais ou que amosen prexuízos derivados da súa presenza que avalen un control das súas poboacións. A maiores, a SGHN destaca o relevante papel sanitario do raposo, que controla as poboacións de pequenos vertebrados, tales como roedores, prexudiciais para o ser humano, e axuda a manter o equilibrio ecolóxico, pois elimina os restos de animais mortos que poden resultar focos de enfermidades para a fauna silvestre. O que significa que a caza do raposo podería incidir negativamente no equilibrio ecolóxico de Galicia e, indirectamente, na saúde das persoas.

Algo así debe de ser certo cando o Goberno da Xunta de Galicia autorizaba en marzo do ano pasado que o Grupo Parlamentario do PP votase a favor nunha proposición non de lei que pedía "*non subvencionar esta actividade, non apoiala nin participar na súa promoción e desenvolvemento"* e que definía esta actividade como unha "inxustificada competición de morte de fauna silvestre".

Mais agora é o propio Goberno quen autoriza e financia os vindeiros campionatos de caza do raposo.

CSV: REXISTRO-hAwWwhMH-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 11:03:52
Nº Rexistro: 42968
Data envio: 10/01/2019 11:03:52.494

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que subvenciona, apoia e participa o Goberno da Xunta de Galicia na promoción e desenvolvemento dos campionatos de caza do raposo que van comezar este mes?
2. Considera o Goberno que esta actividade é unha inxustificada competición de morte de fauna silvestre?
3. Entende o Goberno que a caza do raposo é contraria ao obxecto que se define no artigo 1 da Lei 13/2013, de caza de Galicia?
4. Ten feito o Goberno estudos científicos de avaliación das densidades e da tendencia das poboacións deste animal ou que amosen prexuízos derivados da súa presenza que avalen un control das súas poboacións? Cando? Cales foron os resultados e os datos oficiais deses estudos?
5. Sabe o Goberno que o raposo xoga un importante papel sanitario e axuda a manter o equilibrio ecolóxico?
6. Ten previsto activar o Goberno os mecanismos legais precisos para abolir os campionatos de caza de raposo na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2019 10:53:40

CSV: REXISTRO-hAwWwhMH-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 11:03:52
Nº Rexistro: 42968
Data envio: 10/01/2019 11:03:52.494

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 10:53:46

María Luisa Pierres López na data 10/01/2019 10:53:51

Raúl Fernández Fernández na data 10/01/2019 10:53:56

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2019 10:54:01

CSV: REXISTRO-hAwWwhMH-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 43236(10/POC-006834)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia do modelo de desenvolvemento eólico de Galicia reflectido en proxectos como o do parque eólico de Mouriños, nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas, na dinamización económica das zonas onde se implantan

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 10:32:15
Nº Rexistro: 43236
Data envio: 14/01/2019 10:32:15.091

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático vén de formular favorablemente a declaración de impacto ambiental do proxecto do Parque eólico de Mouriños, ubicado nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas.

Este proxecto insiste no modelo desenvolto nas últimas décadas en Galiza.

Un modelo onde voan os beneficios producidos polo vento, que non serve para dinamizar a economía do rural e onde prevalece o descoido ambiental e paisaxístico.

As empresas aproveitan a normativa aprobada polos gobernos autonómico e estatal para facer un gran negocio que pouco deixa na economía local.

A declaración de utilidade pública outorgada sistematicamente por riba doutros usos, como o agrario, forestal ou turístico, e a declaración de proxecto de especial interese, que acurta os prazos á metade, son dous instrumentos que favorecen ás grandes empresas que se dedican á produción eólica, e impiden a defensa dos intereses da maioría.

No caso de Mouriños, o parque eólico proxectado atópase nun enclave de gran valor paisaxístico e patrimonial.

CSV: REXISTRO-4wBPO1Dmg-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 10:32:15
Nº Rexistro: 43236
Data envio: 14/01/2019 10:32:15.091

De acordo co Catalogo das paisaxes, o parque situase nas comarcas paisaxísticas da Costa da Morte e Bergantiños, na grande area paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais.

Ese catalogo delimita unha serie de areas de especial interese paisaxístico (AEIP), unha delas próxima ao parque, o Dolmen de Dombate.

O catalogo tamén identifica unha serie de miradoiros, o do Monte Branco e o do Alto da Fernandiña, este último situado dentro da área de aproveitamento do parque eólico.

A Axencia de Turismo de Galicia indica que os impactos máis importantes terán lugar na fase de explotación e, ao seu xuízo, o máis importante é no medio socieconómico ao tratarse dunha zona cun claro destino turístico e rural.

Indica que os puntos de interese turístico son Castro de Borneiro ao oeste do parque eólico, o Dolmen de Dombate ao oeste e Torres do Allo ao sueste.

A Dirección Xeral do Patrimonio Natural no seu informe relativo ao ESIA indica que a zona onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais das recollidas na Lei 9/2001, nin na Lei 42/2007, aínda que próximo ao parque eólico, en torno a 1 km, se atopan os seguintes espazos con figuras de protección: Zona especial de conservación (ZEC) “Costa da Morte” (ES111000S), Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) “Costa da Morte”, e Zona de especial protección para as aves (ZEPA) “Costa da Morte (Norte)”.

Todos os grupos, incluso finalmente o PP, presentaron propostas de ampliación da Rede Natura, ampliación xa recomendada en 2011 pola Unión Europea, aprobándose a do Partido Popular no ano 2017.

CSV: REXISTRO-4wBPO1Dmg-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 10:32:15
Nº Rexistro: 43236
Data envio: 14/01/2019 10:32:15.091

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A zona na que se sitúa o proxecto do parque eólico de Mouriños podería, polos seus valores e pola súa proximidade a estas zonas xa incluídas, ser parte desa ampliación e, polo tanto, pasar a ser unha zona vetada para a implantación de parques, pero aínda que isto aconteza, o parque xa será unha realidade.

Isto acontece mentres, inexplicablemente, segue paralizada a aprobación das Directrices da Paisaxe, e a ampliación da Rede Natura, ambas as dúas cuestións que poderían influír decisivamente no trámite do proxecto no caso de estar en vigor.

A zona ten un enorme potencial turístico polas súas condicións naturais e pola súa paisaxe, pero iso non é óbice para que este proxecto pase por riba de todo e continúe coa súa tramitación.

Porque segundo a empresa promotora, Renovables de Aragón SLU, os parques eólicos aproveitan unha das vantaxes territoriais de Galicia, o vento, para o seu desenvolvemento e para mellorar a calidade de vida das zonas rurais, que o proxecto implicara a creación de postos de traballo na fase de execución, pero tamén na de explotación, e sinalan os beneficios económicos as entidades locais que lles permiten acometer proxectos de interese social, así como, as infraestruturas asociadas aos parques.

Pero este proxecto creará pouco emprego na zona, e basicamente na fase de construción, case nada ou nada na de explotación e non deixará nin un euro nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas ao constar de 3 aeroxeneradores.

Isto fainos preguntarnos cal é o interese público neste modelo de explotación do vento.

CSV: REXISTRO-4wBPO1Dmg-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 10:32:15
Nº Rexistro: 43236
Data envio: 14/01/2019 10:32:15.091

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto o grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

1) Considera que o modelo de desenvolvemento eólico de Galiza favorece a dinamización económica das zonas onde se implantan?

2) Considera que o negocio de empresas como Naturgy é de interese público?

3) Por que non se elabora por parte da Xunta de Galicia unha proposta de ampliación da Rede Natura?

3) Por que motivo está conxelada a aprobación das Directrices da Paisaxe que, segundo prometeu o Presidente da Xunta de Galicia, deberían de estar aprobadas en 2017?

4) En casos como o parque de Mouriños no que a empresa non pagará nin un euro de canon eólico, cal será o retorno para a economía local?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-4wBPO1Dmg-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 10:32:15
Nº Rexistro: 43236
Data envio: 14/01/2019 10:32:15.091

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 10:07:43

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 10:07:52

CSV: REXISTRO-4wBPO1Dmg-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 43361(10/POC-006865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos dos accidentes de tráfico e vítimas mortais nas estradas correspondentes ao ano 2018, as medidas previstas ao respecto e as súas intencións referidas á demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:41
Nº Rexistro: 43361
Data envio: 14/01/2019 13:23:41.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. Os datos de vítimas mortais nas estradas galegas no ano 2018 fixeron saltar todas as alarmas ao producirse unha cifra provisional de 104 mortes, o que supón un incremento de 28 con respecto ao 2017, no que se produciron 76 vítimas mortais.

Realmente estes datos só reflicten unha parte das estatísticas de mortalidade nas estradas, que en realidade é máis elevada ao cuantificarse as vítimas mortais logo dos 30 días posteriores ao accidente (A cifra definitiva de mortes en 2017 foi de 100). E cómpre tamén ter en conta que nas estatísticas da DXT non se contabilizan as persoas falecidas no ámbito urbano (só nas travesías urbanas que corresponden a estradas de titularidade estatal ou autonómica).

2. Na período comprendido entre 2008 e 2018 morreron 1.278 persoas nas estradas galegas. A esta enorme traxedia humana e social que representan as mortes hai que engadir as graves consecuencias e os elevados custos das persoas que sofren lesións, especialmente aquelas que sofren lesións graves e secuelas permanentes.

Estamos pois diante dunha situación que xera alarma social, dramas humanos e que polo tanto debe ser obxecto de máxima atención e preocupación por parte de todas

CSV: REXISTRO-Lbbbjayqo-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:41
Nº Rexistro: 43361
Data envio: 14/01/2019 13:23:41.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as administracións con competencias na materia: administración central, autonómica e local. E que debería dar lugar a unha resposta coordinada, conxunta e moito máis eficaz, que a xuizo do BNG debe pasar pola revisión, actualización e elaboración dun novo Plan de Seguridade Viaria de Galiza que sexa froito dun amplo proceso de participación e diálogo e que comprometa os esforzos do conxunto da sociedade e de todas as administracións.

A xuízo do BNG a Xunta de Galiza está instalada nunha actitude rotineira e conformista, que non está á altura dun repto destas dimensións. Os debates de ámbito estatal, as medidas anunciadas pola Dirección Xeral de Tráfico e experiencias exitosas en diversos ámbitos deben ser o punto de partida para comezar un debate público e procurar actuacións eficaces para combater con todos os medios dispoñíbeis a violencia viaria, sensibilizar as persoas usuarias das vías con medidas formativas e informativas, previr comportamentos potencialmente perigosos, protexer os usuarios máis vulnerábeis e actuar nas estradas para que sexan máis seguras.

2. Os datos da Memoria de Seguridade Viaria de Galiza correspondente ao ano 2017, publicada en outubro de 2018, revela datos preocupantes en relación coa sinistralidade e as vítimas na rede de titularidade autonómica:

- Elevado número de vítimas mortais (43). E elevada porcentaxe sobre o número total de vítimas.

	2013	2014	2015	2016	2017
Mortos na rede da Xunta	39	55	46	44	43

CSV: REXISTRO-L bbkjayqo-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:41
Nº Rexistro: 43361
Data envio: 14/01/2019 13:23:41.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

% mortos sobre o total da Rede de Galiza	33,3%	43,7%	37,4%	35,2%	43,0%

-Elevado número de accidentes en xeral (42, 56%) e de vítimas mortais en travesías urbanas (44,19%).

- Elevado número de accidentes (93) e de mortes por atropelo de peóns (13). Destas 13 mortes, 8 producíronse en travesías urbanas.

3. Un dos aspectos centrais para unha xestión integral das estradas e da seguridade viaria é que Galiza asuma as competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria. Esta demanda xa foi obxecto de acordos unánimes do parlamento galego, mais foi vetada polo parlamento e polo goberno do Estado.

A asunción das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria debe ir acompañada do desenvolvemento da Lei de creación da policía autonómica galega, en vigor desde xuño de 2007 mais que ficou gardada nun caixón.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Como valora a Xunta de Galiza os datos de accidentes de tráfico e vítimas mortais nas estradas en 2018?

2. Preocúpalle ao goberno galego a evolución da sinistralidade viaria e das vítimas mortais das estradas de titularidade autonómica?

CSV: REXISTRO-Lbbkjayqo-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:41
Nº Rexistro: 43361
Data envio: 14/01/2019 13:23:41.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para combater esta grave situación máis alá do desenvolvemento rotineiro do Plan de seguridade viaria 2016-2020?

4. Considera a Xunta de Galiza a posibilidade e a necesidade de convocar unha mesa institucional e social pola seguridade viaria nas estradas co obxecto de acordar actuacións extraordinarias e urxentes por parte de todas as administracións con competencias na materia?

5. Ten previsto o goberno galego demandar do goberno do Estado a transferencia das competencias de tráfico e seguridade viaria?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-Lbbkjayqo-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:41
Nº Rexistro: 43361
Data envio: 14/01/2019 13:23:41.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 13:20:09

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 13:20:13

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 13:20:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 13:20:16

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 13:20:17

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 13:20:19

CSV: REXISTRO-Lbbkjayqo-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 43901(10/POC-007025)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o incendio na torre de refrixeración da fábrica de Ence

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43901
Data envio: 16/01/2019 19:35:25.279

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

O mércores 5 de decembro de 2018 ardeu a torre de refrixeración da fábrica de ENCE.

O pasado 7 de novembro unha inspectora municipal constatou, nunha visita á fábrica, que ENCE estaba facendo obras de mellora da eficiencia enerxética e de integración urbanística sen o correspondente título habilitante municipal, polo que foron paralizadas. Atendendo ao que se sabe ata o de agora, as obras ilegais puideron ser as causantes do lume.

Perante estes feitos, a Asociación pola Defensa da Ría (APDR) denunciou que a "presenza de material plástico (poliester), as dimensións do incendio e a proximidade ás instalación nas que se desenvolven as actividades industriais da empresa, fixeron tomar a decisión de desaloxar a fábrica". Como cabía esperar, ENCE minimizou "a importancia das lapas e da posíbel incidencia do fume no medio ambiente, un fume no que se transportan derivados organohaloxenados, entre eles as coñecidas dioxinas, que teñen unha forte incidencia na saúde das persoas".

A Asociación advertiu do "perigo que supón para a poboación da comarca e para o medio ambiente convivir cunha fábrica que non só está a contaminar as augas da Ría e o ar que respiramos e a destruír os nosos recursos económicos, senón

CSV: REXISTRO-BaXGAs4IX-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43901
Data envio: 16/01/2019 19:35:25.279

que atenta contra a integridade da cidadanía en xeral e a dos seus traballadores en particular".

"Accidentes coma este, deixan en evidencia tamén, a inexistencia –na práctica- dun Plan de Emerxencia Exterior que protexa á poboación no caso dun accidente de maior gravidade e xustifican máis –se cabe- a esixencia da eliminación da fábrica do seu actual emprazamento".

Por todo isto, dende a APDR, denuncian "o papel que xoga a Xunta de Galicia na permanencia de ENCE na Ría, que pecha os ollos a esta realidade e facilita coas sucesivas resolucións administrativas todas as esixencias da dirección da empresa".

Acerca disto último, cómpre non esquecer que foi o Goberno galego quen decidiu, o pasado mes de novembro, renovarlle a autorización ambiental á planta de ENCE. O actual permiso autonómico non terá que ser revisado ata catro anos despois de que o Goberno central considere que no sector hai dispoñibles melloras técnicas que limiten mellor a contaminación.

Tendo en conta os riscos que entraña ENCE para a contorna, tanto en circunstancias ordinarias como en situacións de emerxencia como a do incendio; e tendo en conta que a celulosa incumpre a normativa autonómica, estatal e comunitaria, a Xunta de Galicia tería que revocar a autorización ambiental da fábrica de inmediato.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

CSV: REXISTRO-BaXGAs4IX-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43901
Data envio: 16/01/2019 19:35:25.279

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que información ten a Xunta de Galicia sobre o incendio acontecido na fábrica de ENCE? Foron as obras sen licencia municipal as causantes do lume?
- Vai retirar a autorización ambiental á fabrica polo risco manifesto que supón para a contorna, como puxo de manifesto o incendio da torre de refrixeración?
- Pensa que ENCE conta con suficientes medidas de seguridade? Se é así, como explica o incendio? Se non é así, por que lle concedeu a autorización ambiental, tendo en conta o risco que supón para a contorna?
- Que informes manexa a Xunta sobre as afeccións á saúde e ao medio ambiente provocadas polo incendio?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 16/01/2019 18:54:35

Antón Sánchez García na data 16/01/2019 18:54:44

CSV: REXISTRO-BaXGAs4IX-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/